

II. AUTORIDADES E PERSOAL**b) NOMEAMENTOS:****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Decreto 188/2005, do 23 de xuño, polo que se dispón a substitución dun membro do Consello Escolar de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, no artigo 10 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se desenvolve a dita lei, no artigo 16.1º c) do Decreto 87/1992, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia, e atendendo á designación formalizada polo sindicato independente ANPE, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e tres de xuño de dous mil cinco,

*DISPOÑO:***Artigo 1º**

Que cese como membro do Consello Escolar de Galicia en representación do profesorado de centros do ensino público, Licerio España Galego (sindicato independente ANPE).

Artigo 2º

Noméase membro do Consello Escolar de Galicia, nas condicións determinadas na Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, en representación do profesorado de centros do ensino público, a Manuel Nicolás Vázquez Varela (sindicato independente ANPE).

Artigo 3º

O mandato do novo membro será polo tempo que resta para completar o mandato da representatividade que desempeña.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e tres de xuño de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Orde do 27 de xuño de 2005 pola que se fai pública a relación de parentes de Manuel Ventura Figueroa, así como a clasificación de relación de parentesco co fundador.

Por orde desta consellería do 4 de xullo de 2000 (DOG nº 146, do 28 de xullo), anúnciase a convocatoria para a determinación e clasificación de parentes de Manuel Ventura Figueroa.

Examinados e clasificados as solicitudes recibidas,

DISPOÑO:

Primeiro.-Facer pública a relación de parentes de Manuel Ventura Figueroa, así como a súa relación de parentesco co que figura no anexo I desta orde.

Segundo.-Todas aquelas persoas que aparezcan clasificadas nalgún dos boletíns publicados con anterioridade pola fundación, xa se consideran clasificadas nos termos establecidos nos referidos boletíns.

Terceiro.-Os solicitantes que non aparezan na relación adxunta ou que consideren que a relación de parentesco que figura nela non é a correcta, poderán presentar reclamación ante o xuíz protector da fundación, Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, San Caetano, Santiago de Compostela, no prazo de 20 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional

Esta orde entrará en vigor o mesmo día ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2005.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública

ANEXO

1º Apelido	2º Apelido	Nome	Parentesco
Astray	Riveiro	Juan L.	2º con 10º
Ávila	González	Urbano S.	3º con 11º
Ávila	González	Luis	3º con 11º
Ávila	González	Mª Jose	3º con 11º
Bacariza	Rúa	Santiago	2º con 10º
Bacariza	Rúa	Miguel	2º con 10º
Barral	Botana	Isabel B.	2º con 10º
Barral	Botana	Mª Amparo	2º con 10º
Barral	Varela	Mª Lina	2º con 10º
Carballido	Mosquera	Sara	2º con 10º